



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 7 de abril de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. D.^a MERCEDES GAYOSO GÓMEZ. (2026/G003/000447)

EXPEDIENTE: 2026/X999/000214

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía de 5 de marzo de 2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data de 24 de marzo de 2026, presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D.^a Mercedes Gayoso Gómez (rex. entrada nº 1101).

Considerando que ao atoparse correcta a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, procedeuse a realizar, con data de 26 de marzo de 2026, proposta de adxudicación a favor da interesada, de conformidade co previsto na cláusula 20 do prego de condicións, requiríndoselle para que procedera ao aboamento das tarifas correspondentes.



CONCELLO DE TEO

Considerando que a citada proposta foi notificada á interesada con data de 26 de marzo de 2026 (registro de saída nº 2026000000758), publicándose na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios na mesma data.

Considerando que, dentro de prazo habilitado ao efecto, procedeuse ao ingreso da tarifa correspondente pola interesada, tal e como se acreditou mediante o xustificante de aboamento presentado no Concello con data 1 de abril de 2026 (registro de entrada nº 1258).

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns de 6 de abril de 2026.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 34 A do bloque 2 do cemiterio municipal do Concello de Teo, a D.^a Mercedes Gayoso Gómez, DNI ***1382**, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da alcaldía de 15/03/2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Requirir á adxudicataria para que, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente, acredite a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituirse en calquera das formas previstas no artigo 96 TRLCSP. A estes efectos faise constar que, segundo a documentación que obra no expediente, o importe da garantía definitiva, por cada nicho adxudicado, ascende a 35,80 € (3% 1.193,21).

Dita acreditación deberá efectuarse mediante a presentación, no registro xeral do concello, do documento acreditativo de constitución da garantía definitiva.

Terceiro.- Notificar o presente á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle á adxudicataria que o incumprimento do requisito previsto na parágrafo



CONCELLO DE TEO

anterior, por causas que lle sexan imputables, impedirá a formalización da concesión ao seu favor.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz